

TRÁMITE DE CONSULTAS NO PROCEDIMENTO DE AVALIACIÓN AMBIENTAL ESTRATÉXICA SIMPLIFICADA

Nome do plan: Modificación da normativa urbanística do Plan parcial SUD-11 Dorneda-Campo de Golf para a incorporación de usos permitidos e compatibles dentro do uso global terciario

Promotor: Xunta de compensación do sector SUD-11 Xaz

Órgano substantivo: Concello de Oleiros

Expediente: 2022AAE2707

O 21.07.2022 recibíuse na Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático un escrito do Concello de Oleiros para iniciar a avaliación ambiental estratéxica simplificada da "Modificación da normativa urbanística do Plan parcial SUD-11 Dorneda-Campo de Golf para a incorporación de usos permitidos e compatibles dentro do uso global terciario". Achega un borrador do planeamento e un documento ambiental estratéxico.

Unha vez revisada a documentación recibida e considerando que:

- 1 A Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG) mais o Regulamento que a desenvolve (aprobado mediante Decreto 143/2016, do 22 de setembro) integran no procedemento de aprobación dos instrumentos de planeamento urbanístico o proceso de avaliación ambiental estratéxica previsto na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental.
- 2 Debe ser obxecto de avaliación ambiental estratéxica simplificada o planeamento de desenvolvemento urbanístico, por establecer o uso, a nivel municipal, de zonas de reducida extensión (artigo 46.2.b da LSG). Ademais, a modificación de calquera dos seus elementos suxeitarase ás mesmas disposicións enunciadas para a súa tramitación e aprobación (artigo 83.5 da LSG).
- 3 A LSG establece tamén (artigo 75.3.b) que antes de emitir o informe ambiental estratéxico o órgano ambiental consultará ás administracións públicas afectadas e ás persoas interesadas; estas deberán pronunciarse no prazo de máximo de trinta días hábiles (artigo 35.3 da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia).
- 4 Este órgano ambiental decidiu estender as consultas ao público en xeral co obxecto de favorecer a transparencia na tramitación e a participación cidadá.

ACÓRDASE:

Someter a consulta pública na páxina web deste órgano ambiental **por un prazo de trinta días hábiles** o documento ambiental estratéxico e mais o borrador do "Modificación da normativa urbanística do Plan parcial SUD-11 Dorneda-Campo de Golf para a incorporación de usos permitidos e compatibles dentro do uso global terciario", no concello de Oleiros.



No caso de que este órgano ambiental determine que é necesario someter o plan ao procedemento ordinario de avaliación ambiental estratéxica, as observacións e suxestións recibidas serán tidas en conta tamén na elaboración do documento de alcance do estudo ambiental estratéxico (artigo 31.2.a da Lei 21/2013).

As observacións e suxestións poderán ser formuladas por calquera das seguintes canles:

- A través do formulario informático habilitado na web deste órgano ambiental (<https://cmatv.xunta.gal/programas-con-periodo-de-consulta-aberto>).
- A través do correo electrónico: avaliacion.ambiental.estrategica@xunta.gal
- Mediante escrito presentado na sede electrónica da Xunta de Galicia ou no rexistro administrativo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, situado en San Lázaro s/n, en Santiago de Compostela.

En calquera dos medios empregados deberá identificarse quen formula as observacións e suxestións (nome da unidade administrativa, ou nome do colectivo, ou nome e apelidos da persoa), facilitando tamén os datos de contacto.

O informe ambiental estratéxico que se formule tras o período de consultas farase público no *Diario Oficial de Galicia* e no portal web da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda (<https://cmatv.xunta.gal/busca-por-palabra-clave>)

Santiago de Compostela, 22 de xullo de 2022